

IV

A FONTE DA PRAZA DO FERRO, EN OURENSE, VEU DO MOSTEIRO DE RIBAS DE SIL

É lugar común na historiografía ourensá –e, den ela, galega–, dar como do mosteiro de Oseira a fonte da vella praza do Ferro ¹. Uns baséanse nos outros..., máis non por iso un erro deixa de ser un erro. Coidamos que estes tópicos deberían revisarse de cando en vez dende as perspectivas de hoxe: cada xeración débeo facer. Pero non pola teima de lle buscar chatas polo feito de telo dito os nosos devanceiros, xa que non sempre ó dos tempos que nos tocou vivir, por ser novo, xa e bo. Este é, precisamente, o caso que traemos neste número especial adicado a Oseira.

O inapreciable libro de Pepe Adrio Menéndez, *Del Orense antiguo* (Orense), imprenta "La Popular", 1935), exemprar raro hoxe nas bibliotecas máis importantes, e moi documentado, recolle sobor do tema das fontes de devandito mosteiro que, como é sabido, ornan dende o século derradeiro algunha das prazas máis sobranceiras da cidade, unhas liñas escrarecedoras (páx. 104) que imos reproducir de seguido:

(...) A la Plaza mayor, donde por todos sus costados había árboles, fue llevada en virtud de acuerdo municipal de 27 de Agosto (está a falar do ano 1856), una de las fuentes monumentales del Monasterio de Osera, trasladada años después, al bosque de los jardines del Posío ².

También se colocó, entonces, en la Plazuela del Hierro, otra fuente de no escaso mérito, traída del convento (sic) de Ribas de Sil. (O suliñado é noso).

Cómpre agora que a investigación archivística abunde neste dato que, a partir das lecturas, recordamos –non podemos decir aportamos, xa que quen o fixo foi o señor Adrio–: que esta sinxela nota sexa o comenzo da definitiva clarificación desta fonte. Oseira non precisa engadir glorias alleas para seguir sendo un dos primeiros mosteiros do Císter de Galicia, e aínda de España.

Fernando GONZÁLEZ SUÁREZ

NOTAS:

1. Vicente Risco, *Provincia de Orense*, na "Geografía General del Reino de Galicia" de Vicente Carreras y Candi, s/f (da segunda parte da década do vinte), parecer co que coincide Ramón Otero Pedrayo, *Guía de Galicia*, (1926, cit. edic. 1954, Vigo. ed. Galaxia, 232). Do mesmo autor *Orense*, Bibliófilos Gallegos, col. "Obradoiro", XII, Santiago de Compostela, 1973, fot. 41, aínda que nada dí no texto. Alfredo Cid Rumbao, *Guía turística de la provincia de Orense*, Ed. La Región, Orense, 1970, 43; Ángel del Castillo López, *Inventario de la riqueza monumental y artística de Galicia*, Bibliófilos Gallegos, Santiago de Compostela, 1972, 388, teñen asenmade un parecer coincidente. E por citar outro libro máis próximo no tempo, *Orense hace cien años*, de Enrique Bandeira colaboura de Carlos Taín Carril e José C. González Cao, Ayuntamiento de Orense, Orense, 1986, 58, os cales despois de suliñar as fontes de Ourense viñeron de Oseira e Ribas de Sil, somentes citan as do primeiro mosteiro (sic!), entre as que se atopa, unha vez máis, a da Praza do ferro.
2. Hoxe na chamada "Praza de Galicia", na parte de enriba da Alameda. Pódese ver no emprazamento do Xardín do Posío no primeiro libro citado de Otero Pedrayo, supra, páx. 224-5. Figuróu durante un tempo na portada da revista *Posío, arte y letras*, que foi editada na primeira metade do noso século.



